

A capital da Ribeira Sacra será por vez primeira final de etapa da ronda española // A cita servirá para dar un paso máis na proxección internacional da cidade do Lemos **TEXTO Brais Fdez.**

A Volta pon en valor o patrimonio de Monforte

A Volta a España chegará hoxe á capital da Ribeira Sacra. Monforte de Lemos será, por primeira vez, final de etapa da ronda española, un feto histórico para o municipio lucense e que serve para poñer en valor e dar a coñecer a millóns de persoas a riqueza desta terra, candidata a converterse en Patrimonio da Humanidade pola Unesco.

A chegada da serpente multicolor servirá para que un dos destinos turísticos máis demandados de Galicia dea un paso máis na súa proxección internacional. Nesta última década, a cidade do río Cabe foi punto de paso dos ciclistas no 2014 e no 2020, e mesmo lugar de saída no 2016, pero non é comparable co foco mediático que suporá ser a meta dunha das etapas finais da *Gran de* (a décimo novena).

Tanto os telespectadores como a caravana ciclista poderán desfrutar de primeira man da beleza da cidade monumental e da súa contorna. No sur da provincia e en ple-

no corazón da Ribeira Sacra, Monforte creceu arredor do vello baluarte militar e do conxunto do monte de San Vicente, símbolo do señorío dos Condes de Lemos, e no que hoxe se sitúa o Parador Nacional de Turismo.

Sede do Condado de Lemos, cuxo conde actual é o Duque de Alba, en 1885 o rei Alfonso XII concedeu-lle o título de cidade. O seu casco histórico foi declarado Ben de Interese Cultural como Conxunto Histórico Artístico en 1973.

Ademais, atesoura un importante patrimonio histórico y cultural entre o que se atopan destacadas edificacións e valiosas obras de arte. Personaxes ilustres protagonizan a súa historia, que tamén está presente nas súas murallas, palacios e conventos, nos seus museos, prazas e pontes.

Na localidade pódense visitar museos de gran interese entre os que destacan a Pinacoteca da Fundación Colexio Nosa Señora da An-

tigua (tamén coñecido como o “Escorial galego” ou “Os Escolapios”), onde se poden contemplar dous cadros do Greco e do pintor italiano Andrea do Sarto; o Museo das Nais Clarisas, catalogado como un dos mellores de España de arte sacro e arte italiana do século XVI; o Museo do Pazo de Tor, que pertence á Diputación de Lugo e que é un magnífico exemplo de como era a vida señorial galega no século XVIII; o Museo do Ferrocarril de Galicia, un dos mellores do país na súa temática; ou o Museo do Viño da Ribeira Sacra, no que se pode facer un percorrido polo cultivo das vides en terrazas e gozar dos excelentes caldos destas terras, tanto de viños novos como en barrica de carballo.

Monforte e a Ribeira Sacra son paisaxe, son *viticultura heroica* (a inclinación das ladeiras dos viñedos nalgúns zonas alcanza o 80 %), son viños de excelente calidade, son rica e variada gastronomía, son Románico e son Camiño de Santiago.



SAÍDA. O pelotón da Volta a España en 2016 na saída da sexta etapa desde a localidade lucense de Monforte de Lemos. *Foto: Efe*

A variada oferta lúdica completa-se con múltiples eventos ao longo de todo o ano, entre os que destaca o Festival do Viño da Ribeira Sacra, no mes de xullo, ou a Feira Medieval, en Semana Santa, que é visitada por milleiros de persoas durante á fin de semana da Resurrección, sen esquecer as festas patronais do mes de agosto, que son un referente no sur da provincia pola calidade dos seus concertos e pola espectacularidade dos seus fogos artificiais.

ÚLTIMOS QUILÓMETROS. O final da etapa monfortina estará marca-

do por un circuito urbano de seis quilómetros ata a chegada á meta, situada na rúa Francisco Moure á altura do paseo da Compañía, e co edificio dos Escolapios como estampa de fondo. Anteriormente, os corredores entrarán na cidade pola travesía do Morín, seguindo polo tramo inicial de Doutor Casares ata o cruce coa rúa San Pedro, onde entrarán pola ronda urbana. Na rotonda do hórreo virarán cara ao centro pola rúa Chantada e continuarán ata o remate da avenida de Galicia, para continuar por Celso Emilio Ferreiro e culminar co citado final.

LA VUELTA 21 Final da 19ª etapa



Ponte Medieval



CONCELLO DE
MONFORTE
DE LEMOS

www.monfortedelemos.es

Monforte de Lemos
Capital da Ribeira Sacra



Os Escolapios

Concello de Casterverde
Ven a coñecernos



Concello de
CASTROVERDE

www.concellodecastroverde.gal

A Fonsagrada recibe aos ciclistas en Galicia



A cascada de Vilagocende é a máis alta de Galicia. Foto: C.d.F.

No percorrer da décimo nona etapa da Volta a España 2021, os ciclistas do pelotón internacional volverán a atravesar o concello da Fonsagrada, un lugar que coñecen moi ben, posto que foi saída no 2006 dunha tirada que rematou con triunfo de Vinokourov e liderado para un mozo chamado Alejandro Valverde.

Camiño do final en Monforte de Lemos, a serpente multicolor da Volta entrará na provincia lucense por este fermoso municipio, acoitando aos deportistas pola

parroquia de Vilarchao no quilómetro cincuenta e tres da ruta (horario aproximado entre as 13.48 e as 13.57). Posteriormente, pasarán polo lugar de Barbeitos, encarando un alto de segunda categoría que pode marcar o devir da etapa (o terceiro e último do día). Tralo descenso, cun breve paso polos límites de Friol, os corredores regresarán ao concello pasando por Paradavella, polo centro da Fonsagrada, Padrón, Vilarongo, Montouto e saíran do termo municipal por Paradaavella,

para completar o paso por unha zona que destaca pola súa riqueza natural e que é moi coñecida polos peregrinos que realizan o Camiño Primitivo cara Compostela.

Tanto os espectadores que se acheguen ás estradas locais como aqueles que o vexan pola televisión, poderán apreciar a beleza dun territorio accidentado, con paraxes de fortes pendentes e acusados contrastes, uns rasgos que o fan único e que o converte nun lugar idóneo e moi elixido por aqueles turistas que buscan tranquilidade e desconexión desfrutando da natureza.

Ademais, polas súas características (trátase do municipio máis extenso e conta coa capital máis alta de toda Galicia), as actividades ao aire libre, como o sendeirismo, atopan aquí un marco excepcional. Entre as múltiples rutas, destaca, por exemplo, a Ruta Seimeira de Vilagocende, onde se pode coñecer a cascada máis alta da comunidade. Do mesmo xeito, no seu rico patrimonio, as abundantes e diversas testemuñas arqueolóxicas, dan fe da antiga ocupación da zona, como así o atesouran as mámoas, os numerosos asentamentos castrexos e un dolmen neolítico.



Área de A Cortevella, na ruta da Marronda, un dos lugares máis fermosos do concello. Foto: C.d.B.

Baleira, unha paraxe para gozar todo o ano

Procedente da Fonsagrada, o pelotón entrará, pasadas ás dúas e media do mediodía, ao municipio de Baleira, moi coñecido entre os peregrinos do Camiño de Santiago, xa que moitos deles comezan a Ruta Xacobeá Primitiva dende este punto.

O percorrido pasará polas parroquias de A Lastra, A Fontaneira e Cádavo, esta última, capitalidade municipal e centro de servizos de Baleira.

O paso da Volta a España serve para poñer en valor a este pequeno municipio lucense, pertencente á comarca da Fonsagrada, que con-

ta cunha extensa oferta de lecer que se prolonga durante todo o ano, ofrecendo ao visitante múltiples opcións para desfrutar no medio dunha paraxe magnífica e incomparable pola súa beleza natural.

Ademais do Camiño, Baleira dispón de magníficos roteiros para facer sendeirismo, mountain bike ou escalada. Entre eles destacan a Ruta da Fontaneira, empregada polos lugartenentes no pasado para abastecerse dos recursos naturais ou comunicar asentamentos; a das Loras, cunhas vías que conducían ao monte común

chamado *O Carballal*, onde se abastecían de varas coas que fabricaban a *lora*; e da Marronda, homologada pola Federación Galega de Montañismo e a través da cal se pode coñecer a Fraga que leva o mesmo nome ou a beleza do río Eo.

Ideal para gozar da natureza nunha contorna incomparable e á vez tamén destacado ao poder degustar nel pratos típicos da zona como o seu famoso cocido, un dos mellores da contorna, ou outros produtos artesanais e exquisitos desta parte de Galicia como o tradicional butelo, o queixo ou o mel.



Concello de
A Fonsagrada
www.afonsagrada.org



MOITO POR DESCUBRIR

DEPORTE, NATUREZA, GASTRONOMÍA



Concello de Baleira
www.concellobaleira.es

Área recreativa A Cortevella

Castroverde, beleza natural na Volta 2021

Os ciclistas da Volta a España 2021 terán a oportunidade de desfrutar da beleza natural de Castroverde. Ao seu paso polo quilómetro cen da décimo novena etapa da Grande, os ciclistas pasarán por un territorio que se caracteriza polos seus bosques frondosos e unha gastronomía de primeira calidade.

O pelotón ciclista entrará no municipio pola parroquia de Vilalle, pasadas as tres da tarde, e continuará polo centro de Castroverde e por San Paio, para dirixirse cara a cidade Lugo, nunha etapa que rematará no corazón da Ribeira Sacra, en Monforte de Lemos.

Situado entre a meseta lucense e as serras orientais, o paso da carreira polo concello servirá para dar a coñecer a riqueza e singularidade do mesmo. Este conta con numerosos castros, froito da historia do lugar, así como amplas zonas para practicar o sendeirismo, destacando a ruta do Camiño Primitivo, xa que é final de etapa do itine-



A vila acollerá o paso dos ciclistas arredor das 15.00. Foto: C.d.C.

rario que rememora o trajecto de Alfonso II O Casto.

Entre o seu patrimonio, sobresaen a Torre da Homenaxe, recordo das casas de Lemos e Altamira, así como elementos relixiosos como a igrexa de Santa María de Vilabade, do antigo convento franciscano, declarada Monumento Nacional e que re-

presenta un interesante conxunto artístico, co Pazo de Abraira-Arana, do século XVII, adxacente.

Por outra banda, na gastronomía, os produtos autóctonos con máis soleira son a galiña de Mos e o porco celta, aos cales se lle dedican unhas xornadas gastronómicas cada ano.

Rois, paso intermedio da contrarreloxo final

A vila de Rois vivirá este domingo a xornada grande da Volta a España 2021, coa contrarreloxo decisiva que marcará a clasificación final. Territorio de grandes lendas, conta a *traslatio* xacobeá que a raíña Lupa recibiu aos discípulos do Apóstolo no Castro Lupario para axudarlles a atopar un lugar de sepultura para o mestre. Agora, serán os propios veciños os que reciban aos corredores para darlles ese último alento que lles permita chegar á tumba do Apóstolo.

Co podio en xogo, o municipio será punto intermedio da crono de 33,8 quilómetros que unirá Padrón con Santiago. Entrarán nel, precisamente, polo centro de Rois, pasando posteriormente por A Pontenova, Carrais, Quintáns e Urdilde. Precisamente, neste último lugar estará situado o primeiro punto de referencia da carreira, no que se poderán apreciar as primeiras diferenzas entre os corredores. O paso dos ciclistas comezará ás 16.33, aproximadamente,



O termo municipal conta con terreos ideais para a práctica do ciclismo de aí que sexa unha actividade destacada. Foto: C.d.R.

cun goteo continuo de bicicletas que se prolongará ata pasadas ás oito da tarde. Ademais, unha hora antes do comezo, percorrerá a estrada a caravana publicitaria, con moito ambiente lúdico e regalos para os espectadores.

A cita permitirá poñer en valor as riquezas paisaxísticas e turísticas dun concello

que destaca pola súa importancia no Camiño de Santiago, dentro da ruta portuguesa. O Pazo de Faramello ou a Ruta do Castro Lupario, así como desfrutar da súa excelente gastronomía, son algunhas das actividades que poderán realizar aquelas persoas que se acheguen pola zona a presenciar a Volta.



PANADERÍA
«O CORNECHO»

Especialidades:
pans artesanais
e empanadas

Presidente Salvador Allende, 2 - ☎ 981 564 230 • Santiago de Compostela



O Establo

Las brasas de Santiago

Lamas de Laraño, 34
Santiago de Compostela
parrillaoestablo@gmail.com

☎ 981 53 75 60
606 04 15 93

O paso de La Vuelta por Rois

Por causa do paso por Rois da derradeira etapa de La Vuelta ciclista a España, o Concello informa de que vanse efectuar cortes de tráfico nalgúñas estradas do municipio entre as 14.00 e as 20.15 horas.

As estradas e treitos afectados serán os seguintes:

- AC-301 dende O Castro a Antequera.
- DP-3302 dende Antequera á Pontenova.
- CP-7401 dende A Pontenova ata Urdilde.
- AC-543 dende A Calle ata Macedos.

A etapa, unha contrarreloxo individual semellante á etapa final de La Vuelta 1993, desenvolverase entre Padrón e Santiago. A saída do primeiro corredor dende Padrón está prevista para as 16.31 horas.



Máis información: www.lavuelta.es

CONCELLO DE
ROIS
www.rois.gal

A capital galega acollerá por terceira vez o final da Volta a España // Ao igual que no Xacobeo 1993, o triunfo decidirase cunha contrarreloxo entre Padrón e a Praza do Obradoiro

Santiago, unha estampa histórica para os ciclistas

Rememorando a etapa que consagrou o Xacobeo de 1993, a Volta a España rematará, neste Ano Santo 2021, tamén cunha contrarreloxo final Padrón-Santiago, coa meta situada na Praza do Obradoiro. Será a terceira vez que a capital galega acolla o remate da ronda española, todas elas, curiosamente, con etapas contra o cronómetro.

Coa maxestosa Catedral, que lucirá coas súas mellores galas nesta gran cita, como cortina de fondo, os mellores ciclistas do panorama internacional rematarán a Grande logo de vinte e unha xornadas de gran emoción. Ademais, os agraciados que suban ao podio final, contarán cunha estampa única coa fachada do templo ás súas costas.

Nas dúas veces anteriores con final en Santiago, o suízo Alex Zulle (1993) e o italiano Malori (2014) levaron o premio da etapa, mentres que Tony Rominger e Alberto Contador foron os que se consagraron como gañadores da Volta. Nesta

ocasión, coa previsible vitoria dun intratable Primož Roglič, estará por ver quen será o máis rápido en completar os 33,8 quilómetros de crono. Será quen de asinar un histórico dobrete o extraordinario corredor esloveno? Do mesmo xeito, as estradas composteláns decidirán o podio final, ao que optan moitos candidatos.

Na etapa, os ciclistas entrarán no termo municipal por Laraño, atravesando posteriormente a Avenida da Mestra Victoria Mínguez, a Estrada San Lourenzo, a Rúa das Galeras, a Rúa Domingo García-Sabell, a Calle San Francisco e chegando á Praza. Será un percorrido de 3,5 quilómetros finais, onde se decidirá todo. O primeiro corredor está previsto que cruce a meta ás 17.10, aproximadamente, mentres que o último farao arredor das 20.30 horas, pechando o capítulo da Volta España 2021.

Este final no Obradoiro será, sen dúbida, un dos momentos destaca-

dos do Xacobeo 2021, un evento que situará á capital galega no panorama internacional e que lle dará un pulo moi importante de cara á segunda metade do ano e ao 2022. Coñecida mundialmente, a presenza dos ciclistas en Santiago porá en valor á cidade histórica Patrimonio da Humanidade á cal chegan miles de camiñantes cada ano recorrendo as diferentes rutas de peregrinación.

Por iso, esta será unha extraordinaria ocasión para que todo o mundo coñeza as riquezas de Compostela, un territorio único no que ademais da súa Catedral e do Camiño, aflora un importante patrimonio, cun casco histórico moi especial. Ademais, destaca tamén polos seus numerosos espazos verdes, ideais para descansar na natureza, por exemplo, mentres se agarda polos ciclistas. E, como non, é un lugar cunha extraordinaria gastronomía, admirada tanto polos veciños como polos visitantes.



Entrada no Obradoiro de Contador, co xersei vermello, no 2014. Foto: ECG

Rúa do Franco, 20
Santiago de Compostela

T. 981 06 83 01
www.elpapatorio.com

Tapas, carnes gallegas y pescados en parrilla de carbón...

En El Papatorio Tapas & Brasas, queremos enseñarle todo lo que hacemos; nuestra cocina está a la vista. Ofrecemos un mundo de tapas, además de carnes gallegas y pescados hechos en parrilla de carbón. Una decoración moderna con un aire retro. Un local cómodo y agradable.



EL PAPATORIO

TAPAS & BRASAS



El mejor recuerdo de la Vuelta



Tu punto de encuentro en el corazón de Compostela



PETISCOS de CARDEAL

Tapas - Bar

Rúa do Franco, 10 • Santiago
correo@petiscosdocardeal.com
Telf. 981 108 292
www.petiscosdocardeal.com

1.000 'me gusta' para un reto moi solidario

Froito da iniciativa "A Volta en Verde", organizada polo equipo ciclista Caixa Rural Seguros RGA, a Fundación Amigos de Galicia será a entidade beneficiaria da etapa 20 (Sanxenxo-Mos) se se logra acadar o reto dixital que conleva a acción solidaria. Neste senso, o obxectivo é alcanzar os 1.000 "Me Gusta" na publicación que lanzarán mañá nas redes sociais o equipo nacional, os cales se transformarán en 2.000 euros para a entidade sen ánimo de lucro.

Para alcanzar este desafío, o ente contará coa colaboración dun padriño moi especial, que se desvelará mañá e que se encargará de convidar aos seus seguidores a darlle a like. Caixa Rural Galega destinará a doazón aos proxectos desenvolto pola mesma para a protección da infancia vulnerable, así como ao de atención a persoas maiores da comunidade que viven soas.

Dende a Fundación trasladan o seu agradecemento aos



FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA. A entidade sen ánimo de lucro galega será a beneficiaria desta iniciativa do equipo ciclista Caixa Rural Seguros RGA. Foto: Team Caja Rural

organizadores, cos cales levan traballando dende hai moito tempo en beneficio das persoas en situación de vulnerabilidade, por levar a cabo esta iniciativa social e por escollelos nunha das etapas. Así mesmo, animan a toda a cidadanía a unirse ao reto para acadar a dita doazón.

Ademais, en cada tirada

sortéase unha caixa de experiencias Smartbox entre todas aquelas persoas que colaborasen achegando o seu *gústame* e que mencionasen a un amigo nos comentarios. A maiores, ao remate da *Volta en Verde*, haberá un premio especial cunha Smartbox *3 días de ilusión* para os participantes das 21 xornadas.

A paisaxe lucense abre o tríptico galego

O pelotón da 76 Volta a España abandona a intensidade das dúas xornadas de alta montaña en Asturias para penetrarse en Galicia cunha etapa que lles dará un respiro aos sobreviventes.

A décimo novena tirada levará aos participantes dende Tapia (Asturias) ata Monforte de Lemos (Lugo) por un itinerario de 191,2 quilómetros moito menos esixente que o dos últimos días, aínda que típico das estradas galegas, nas que os constantes sobe e baixa poden terminar converténdose nunha tortura.

Tralo desgaste que sufriron en Asturias, as forzas en todos os ciclistas están moi xustas, aínda que algúns deberán tirar das súas reservas para tentar pelexar por unha vitoria nun día no que a habitual fuga pode ter opcións de concluír con éxito.

Aínda así, o percorrido deste antepenúltima cita inclúe antes de completar o primeiro terzo a ascensión a un terceiro, o Alto Da Sela d'Entorcisa, e dous segun-



Imaxe de arquivo do paso do pelotón pola provincia de Lugo na Volta do 2016, un terreo de continuo sobe e baixa. Foto: Efe

das, o Alto da Garganta e o Alto de Barbeitos.

O director técnico da Volta, Fernando Escartín, cualifícaa como etapa de media montaña esta penúltima xornada que "cruza a zona da Fonsagrada, de constante sobe e baixa, que une Galicia e o Principado de Asturias.

"Quizais será unha das oportunidades máis claras de fuga de toda A Volta. O pelo-

tón virá esgotado despois da alta montaña e os dous días seguintes non llo van a poñer nada sinxelo", conclúe.

A saída está programada en terras asturianas ás 12.29 horas e a chegada para as 17.30, cunha media 38 quilómetros/horas. Veremos como afecta o cansazo dos últimos días e se os corredores son quen de completar a etapa no horario previsto.



Dende 26 €/mes

Con máis de 30 especialidades incluíndo as urxencias pediátricas

Visita a nosa web

WWW.UNIONPROTECTORA.COM



¡Ven coñecernos!

RÚA DO HÓRREO, 19 1ª ESQUERDA ESCALEIRA B 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA T. 981 582 127

M.P.S. UNIÓN PROTECTORA

A túa Mutua de Saúde compostelá ao alcance de todos



www.cerveceriaruabella.com



Cervecería - Pizzería - Restaurante

RÚA BELLA

Pizzas y hamburguesas caseras, terraza exterior e interior, la Liga....

Rúa Nova, 17 - Santiago • T. 981 586 854

Cafetería - Vinos
Cervezas - Refrescos
Raciones
Platos combinados
Bocadillos
Sandwiches
Hamburguesas
Ensaladas
Menú de la casa todos los días
Cocina abierta todo el día
Comidas para llevar